



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CMSAN01	Emerxencias sanitarias	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0053	Loxística sanitaria en emerxencias	2025/2026	0	160	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ISABEL YÁÑEZ SÁNCHEZ, MARÍA LUCÍA LABRADA MOREDA (Subst.)
Outro profesorado	MARÍA LUCÍA LABRADA MOREDA

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Propón despregamentos organizativos sanitarios en situacións de emerxencia, e identifica os sectores asistenciais e as estruturas despregadas.
RA2 - Estima o material de primeira intervención necesario para a asistencia, e relaciona a aplicación do material co tipo de emerxencia ou catástrofe.
RA3 - Controla a subministración de recursos non sanitarios e analiza os protocolos de intervención nunha situación de emerxencia colectiva ou catástrofe.
RA4 - Asegura as comunicacións analizando o funcionamento dos elementos dunha rede autónoma de comunicación.
RA5 - Identifica os obxectivos e a función das noras de evacuación e participa na coordinación da evacuación das vítimas.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríbóronse os sistemas de protección civil, de emerxencias médicas e de axuda humanitaria internacional.
CA1.2 Analizáronse os plans loxísticos aplicados en catástrofes que tiveron lugar.
CA1.3 Definiuse a sectorización da zona de actuación de catástrofes e emerxencias.
CA1.4 Descríbóronse os límites de cada sector asistencial e as súas funcións.
CA1.7 Identificáronse posibles escenarios de emerxencias colectivas.
CA1.8 Descríbóronse os procedementos para a montaxe dun hospital de campaña segundo as instrucións ou os protocolos establecidos.
CA1.9 Descríbiuse o marco legal das actuacións en escenarios de emerxencia.



Criterios de avaliación do currículo
CA1.10 Descríronse os procedementos de balizamento e sinalización.
CA1.11 Identifícanse os recursos humanos e materiais necesarios en función do escenario.
CA1.12 Defínense as fases de alarma e aproximación.
CA2.1 Identifícase a estrutura da cadea de mando e as súas funcións.
CA2.2 Delimitouse o tipo e a cantidade de material sanitario en función da emerxencia ou catástrofe, e do emprazamento.
CA2.3 Identifícanse as características técnicas dos contedores para utilizar en caso de catástrofes.
CA2.5 Distribuíuse o material de primeira intervención atendendo ao código de cores recomendado pola Organización Mundial da Saúde.
CA2.7 Inclúese en cada contedor unha relación do material que conteña.
CA3.1 Defínese o procedemento de abastecemento e xestión da auga en situacións de catástrofe.
CA3.2 Descríronse os métodos de potabilización da auga e os de análise de potabilidade.
CA3.3 Defínese o procedemento de subministración e xestión de alimentos.
CA3.5 Defínese o procedemento de eliminación de excrecións e de xestión de residuos.
CA3.6 Detállanse os riscos relacionados coa subministración de auga e de víveres, e coa eliminación de residuos.
CA3.7 Defínense os fundamentos e os obxectivos do proceso de desinfección, desinsectación e desratización.
CA4.1 Identifícanse as necesidades de comunicación entre os operativos na área do suceso.
CA4.2 Valoráronse as vías de comunicación que permitan manter canles operativas.
CA4.4 Estableceuse un sistema de comunicación compatible cos sistemas empregados polos grupos operativos que interveñen na catástrofe.
CA4.7 Descríronse os procedementos de comunicación cos centros de coordinación segundo os protocolos establecidos.



Criterios de avaliación do currículo
CA5.1 Describíronse os obxectivos das noras de evacuación.
CA5.2 Enumeráronse os tipos de noras de evacuación e describíronse as súas funcións.
CA5.3 Identificáronse as condicións de utilización das UVI móbiles en situacións de catástrofe.
CA5.4 Identificáronse as características do posto de carga de ambulancias e as funcións da persoa do posto de carga.
CA5.5 Identificáronse e rexistráronse os datos necesarios para realizar a dispersión hospitalaria das persoas feridas que o precisen.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Propón despregamentos organizativos sanitarios en situacións de emerxencia, e identifica os sectores asistenciais e as estruturas despregadas.
RA2 - Estima o material de primeira intervención necesario para a asistencia, e relaciona a aplicación do material co tipo de emerxencia ou catástrofe.
RA3 - Controla a subministración de recursos non sanitarios e analiza os protocolos de intervención nunha situación de emerxencia colectiva ou catástrofe.
RA4 - Asegura as comunicacións analizando o funcionamento dos elementos dunha rede autónoma de comunicación.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.5 Comprobáronse os recursos persoais e materiais existentes en cada área de traballo.
CA1.6 Elixíuse o lugar do despregamento segundo as súas características e os factores que interveñen.
CA2.4 Seleccionáronse os contedores para o transporte de material.



Criterios de avaliación do currículo

CA2.6 Realizouse un mapa da distribución do material de primeira intervención, segundo sectores, empregando as cores recomendadas pola Organización Mundial da Saúde.

CA3.4 Controlouse a caducidade, o correcto envasado e a almacenaxe dos produtos perecedoiros.

CA4.3 Puxéronse en marcha e programáronse os equipamentos de comunicación.

CA4.5 Empregouse a linguaxe específica e as normas de comunicación segundo os protocolos establecidos.

CA4.6 Emitiuse información clara e concisa para facilitar a comprensión da mensaxe.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Respecto dos criterios de cualificación seguiranse os seguintes, tendo en conta o artigo 14, sobre avaliación e cualificación final das probas libres da ORDE do 5 de abril de 2013 :

1. Proba teórica: A proba escrita constará dunha serie de cuestións -tipo test e/ou resposta curta-. A proba escrita versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación asignados á mesma.

Ten carácter eliminatorio e será puntuada de 0 a 10.

Considérase aprobado se o alumno/a acada os mínimos esixibles e a puntuación obtida é igual ou superior a 5.

O candidato que non supere esta primeira proba quedará automaticamente eliminado do proceso.

2. Proba práctica: Realizarase un ou varios supostos prácticos que integrarán os criterios de avaliación asignados a esta proba. Avaliarase segundo unha ficha-guía coas tarefas que deben ser realizadas.

Ten carácter eliminatorio e será puntuada de 0 a 10.

Considérase aprobado se o alumno acada os mínimos esixibles e a puntuación obtida é igual ou superior a 5 puntos.

A cualificación final será o resultado da media aritmética entre a primeira e a segunda parte das probas, tendo que ter cada unha delas superada con 5 ou máis puntos. A puntuación anterior, cando o resultado non sexa un número enteiro, redondearase á puntuación enteira superior ou inferior máis próxima.

MÍNIMOS EXIXIBLES



Mínimos exisibles en cada una das partes da proba.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PRIMEIRA PARTE DA PROBA.

RA .1 Propón despregamentos organizativos sanitarios en situacións de emerxencia, e identifica os sectores asistenciais e as estruturas despregadas.

- CA 1. 1. Describíronse os sistemas de protección civil, de emerxencias médicas e de axuda humanitaria internacional.
- CA 1. 2. Analizáronse os plans lóxicos aplicados en catástrofes que tiveron lugar.
- CA 1. 3. Definiuse a sectorización da zona de actuación de catástrofes e emerxencias.
- CA 1. 4. Describíronse os límites de cada sector asistencial e as súas funcións.
- CA 1. 7. Identificáronse posibles escenarios de emerxencias colectivas.
- CA 1. 8. Describíronse os procedementos para a montaxe dun hospital de campaña segundo as instrucións ou os protocolos establecidos.
- CA 1. 9. Describiuse o marco legal das actuacións en escenarios de emerxencia.
- CA 1. 10. Describíronse os procedementos de balizamento e sinalización.
- CA 1. 11. Identificáronse os recursos humanos e materiais necesarios en función do escenario.
- CA 1. 12. Definíronse as fases de alarma e aproximación.

RA 2. Estima o material de primeira intervención necesario para a asistencia, e relaciona a aplicación do material co tipo de emerxencia ou catástrofe.

- CA 2.1 Identificouse a estrutura da cadea de mando e as súas funcións.
- CA 2.2 Delimitouse o tipo e a cantidade de material sanitario en función da emerxencia ou catástrofe, e do emprazamento.
- CA 2.3 Identificáronse as características técnicas dos contedores para utilizar en caso de catástrofes.
- CA 2.5 Distribuíuse o material de primeira intervención atendendo ao código de cores recomendado pola Organización Mundial da Saúde.
- CA 2.7 Incluíuse en cada contedor unha relación do material que conteña.

RA 3 Controla a subministración de recursos non sanitarios e analiza os protocolos de intervención nunha situación de emerxencia colectiva ou catástrofe.

- CA 3.1 Definiuse o procedemento de abastecemento e xestión da auga en situacións de catástrofe.
- CA 3.2 Describíronse os métodos de potabilización da auga e os de análise de potabilidade.
- CA 3.3 Definiuse o procedemento de subministración e xestión de alimentos.
- CA 3.5 Definiuse o procedemento de eliminación de excrecións e de xestión de residuos.
- CA 3.6 Detalláronse os riscos relacionados coa subministración de auga e de víveres, e coa eliminación de residuos.
- CA 3.7 Definíronse os fundamentos e os obxectivos do proceso de desinfección, desinsectación e desratización.



RA 4 Asegura as comunicacións analizando o funcionamento dos elementos dunha rede autónoma de comunicación.

-CA 4.1 Identifícanse as necesidades de comunicación entre os operativos na área do suceso.

-CA 4.2 Valoráronse as vías de comunicación que permitan manter canles operativas.

-CA 4.4 Estableceuse un sistema de comunicación compatible cos sistemas empregados polos grupos operativos que interveñen na catástrofe.

-CA 4.7 Descríbense os procedementos de comunicación cos centros de coordinación segundo os protocolos establecidos.

RA 5 Identifica os obxectivos e a función das noras de evacuación e participa na coordinación da evacuación das vítimas.

-CA 5.1 Descríbense os obxectivos das noras de evacuación.

-CA 5.2 Enumeráronse os tipos de noras de evacuación e describíronse as súas funcións.

-CA 5.3 Identifícanse as condicións de utilización das UVI móbiles en situacións de catástrofe.

-CA 5.4 Identifícanse as características do posto de carga de ambulancias e as funcións da persoa do posto de carga.

-CA 5.5 Identifícanse e rexístranse os datos necesarios para realizar a dispersión hospitalaria das persoas feridas que o precisen.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA SEGUNDA PARTE DA PROBA.

RA .1 Propón despregamentos organizativos sanitarios en situacións de emerxencia, e identifica os sectores asistenciais e as estruturas despregadas.

-CA 1. 5. Comprobáronse os recursos persoais e materiais existentes en cada área de traballo.

-CA 1. 6. Elíxiuse o lugar do despregamento segundo as súas características e os factores que interveñen.

RA 2. Estima o material de primeira intervención necesario para a asistencia, e relaciona a aplicación do material co tipo de emerxencia ou catástrofe.

-CA 2.4 Seleccionáronse os contedores para o transporte de material.

-CA 2.6 Realizouse un mapa da distribución do material de primeira intervención, segundo sectores, empregando as cores recomendadas pola Organización Mundial da Saúde.

RA 3 Controla a subministración de recursos non sanitarios e analiza os protocolos de intervención nunha situación de emerxencia colectiva ou catástrofe.

-CA 3.4 Controlouse a caducidade, o correcto envasado e a almacenaxe dos produtos perecedoiros.

RA 4 Asegura as comunicacións analizando o funcionamento dos elementos dunha rede autónoma de comunicación.

-CA 4.3 Puxéronse en marcha e programáronse os equipamentos de comunicación.

-CA 4.5 Empregouse a linguaxe específica e as normas de comunicación segundo os protocolos establecidos.

-CA 4.6 Emitiuse información clara e concisa para facilitar a comprensión da mensaxe.



4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Consistirá nunha proba escrita de preguntas -reposta múltiple e/ou resposta curta-, que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos no apartado 2.b. No caso das preguntas tipo test terán catro opcións de respostas, sendo só unha a correcta. As respostas non contestadas, non terán valoración algunha e as contestadas erróneamente restarán 1/3 do valor de cada resposta correcta.

A proba puntuarase de 0 a 10 e requirirase dun mínimo de 5 puntos para superala.

Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

-Bolígrafo azul ou negro.

Duración da proba:

-A duración da proba teórica será máximo de 120 minutos.

Normas:

-Non se permitirá o acceso á aula unha vez comezada a proba.

-Deberá presentarse o DNI á entrada na aula e permanecerá enriba da mesa durante todo o exame.

-Queda prohibido sacar o exame da aula.

-Todos os datos de identificación deben estar cubertos e a follas de resposta asinadas.

-Ningún alumno poderá saír da aula ata que transcorran un mínimo de 15 minutos.

-Na mesa só se permite ter un bolígrafo, un lápiz e unha goma. Non se permitirá o uso de correctores.

-Non serán corrixidas as probas nas que as respostas non estean na folia requirida para tal fin, probas sen nome e apelido, sen sinatura ou que non estean escritos en bolígrafo azul ou negro.

-A resposta correcta márcase coa letra da opción correcta (a, b, c o d) ben feita e dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, riscarase e porase a opción correcta de xeito claro e lexible.

-Está prohibido o uso de teléfonos móbiles, ou de calquera outro dispositivo con capacidade de almacenamento de información ou posibilidade de comunicación mediante voz ou datos.

-Calquera acto de copia ou fraude, utilización de dispositivos móbiles durante a prueba suporá a expulsión desta e a calificación da proba será dun cero. Os dispositivos teñen que estar apagados ou en modo avión.



4.b) Segunda parte da proba

Consistirá en varias actividades e casos prácticos que integrarán varios criterios de avaliación establecidos no apartado 2.b. Para a realización desta segunda parte da proba, entregárase a cada estudante unha ficha-guía coas actividades propostas e as tarefas a realizar para cada actividade, así como a proposta de resolución dun ou varios casos prácticos.

A proba puntuarase de 0 a 10 e requirírase dun mínimo de 5 puntos para superala.

Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

-Bolígrafo azul (non se permitirá o uso de correctores como goma de borrar, tip-pex)

Duración da proba:

-O tempo asignado para cada alumno será máximo de 120 minutos.

Normas:

-Non se permitirá o acceso á aula unha vez comezada a proba.

-Deberá presentarse o DNI á entrada na aula e permanecerá enriba da mesa durante todo o exame.

-Queda prohibido sacar o exame da aula.

-Todos os datos de identificación deben estar cubertos e a follas de resposta asinadas.

-Ningún alumno poderá saír da aula ata que transcorran un mínimo de 15 minutos.

-Na mesa só se permite ter un bolígrafo, un lápiz e unha goma. Non se permitirá o uso de correctores.

-Non serán correxidas as probas nas que as respostas non estean na folla requirida para tal fin, probas sen nome e apelido, sen sinatura ou que non estean escritos en bolígrafo azul ou negro.

-Está prohibido o uso de teléfonos móbiles, ou de calquera outro dispositivo con capacidade de almacenamento de información ou posibilidade de comunicación mediante voz ou datos.

-Calquera acto de copia ou fraude, utilización de dispositivos móbiles durante a prueba suporá a expulsión desta e a calificación da proba será dun cero. Os dispositivos teñen que estar apagados ou en modo avión.